

TAREFA 2

1ª SESIÓN

1ª PARTE: ACTUALIZACIÓN DO PERFIL

- Situámonos no **triángulo azul** que apunta para abaixo xusto ao lado de onde pon o noso nome (cerca da esquina superior dereita da páxina).
- Prememos o triángulo e aparece un menú do que escollemos a opción **perfil**.
- imos ao medio da páxina onde pon **editar o perfil** e prememos este enlace.
- Alí, na opción xeral podemos **cambiar os nosos datos personais** (nome, apelido, correo, etc)

1.- Engadir o nome da nosa vila "Redondela"

2.- Engadir o nome do país

3.- Máis abaixo, en "**imaxe do usuario**" **lanzar enriba da frecha azul unha imaxe nosa de tamaño carnet** (ou usede unha foto da carpeta imaxe dos **Simpsons**)

Cando rematemos de facer estes cambios, premer o boton inferior **actualizr perfil**

2ª PARTE: A PÁXINA PRINCIPAL DO CURSO. ENGADIR UNHA IMAXE.

4- Na carpeta co material do curso, ímos a **Portadas Curso**, **escollemos a portada máis afin á nosa materia** (ou unha calquera) e a depositamos no **escritorio** do ordenador


5- Logo situámonos na **páxina principal do curso** e ímos engdir unha imaxe de cabeceira no noso curso.

6- Zona do medio da páxina pero cara a dereita pon **editar** e escollemo **editar unha sección**.


- No recadro onde pon **Resumo imos engadir unha foto**. Escollemos o seguinte botón:



7.- Ábrese unha fiestra e pulsamos **Browse repositories...**



- 8.- E nos leva a outra fiestra, escoller **enviar un ficheiro** (se é que non ven escollida xa) na barra da esquerda, no medio escoller **seleccionar arquivo** e ímos buscar a nosa **imaxe de portada da nosa materia** que deixamos antes no escritorio. Seleccionamos a imaxe e debería aparecer o **nome do arquivo da portada xusto a dereita de seleccionar arquivo**.
- 9.- Se queremos, podemos gardar a nosa imaxe deportada dándolle un nome onde pon **Gardar como**, pero non é obrigatorio.
- 10.- Unha vez feito so temos que **enviar o ficheiro** na parte inferior.



- 11.- Cando sae o recadro **image properties**, podemos **cambiar alí o tamaño da imaxe facendoa máis grande ou pequena**, unsando o **Tamaño** e cambiando so o primeiro valor pero deixando **sempre marcado** o recadro **Auto size**. Por último darlle a **save imaxe**.

